

Código ciclo	Ciclo formativo	Duración ciclo (h)	Trimestre	Código módulo	Módulo	Horas	Seccións de 30'	
CS22001	Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos	2.000	1º, 2º e 3º	CSHADC	Horas á disposición do centro	55	2	
					CS0581	Fabricación de fritas, pigmentos e esmaltes	185	7
					CS0582	Fabricación de produtos cerámicos conformados	290	11
					CS0FOL	Formación e orientación laboral	55	2
					CS0585	Organización da produción en industrias cerámicas	160	6
					CS0RCT	Relacións no contorno de traballo	55	2
					CS0590	Xestión de calidade en industrias cerámicas	160	6
					CS0577	Cerámicas avanzadas	110	6
					CS0578	Desenvolvemento de composicións	330	18
					CS0579	Desenvolvemento de proxectos de fabricación de produtos cerámicos	165	9
					CS0587	Proxecto integrado	55	3
					CS0631	Formación en centros de traballo	380	0
					CSHADC	Horas á disposición do centro	55	2
					CS22002	Fabricación e transformación de produtos de vidro	2.000	
			1º, 2º e 3º		Desenvolvemento de proxectos de fabricación de produtos de vidro	130	5	
					CS0583	Fabricación de produtos de vidro	190	7
					CS0FOL	Formación e orientación laboral	55	2
					CS0586	Organización da produción en industrias de vidro	130	5
					CS0588	Proxecto integrado	55	2
					CS0RCT	Relacións no contorno de traballo	55	2
					CS0589	Transformación e manufactura de produtos de vidro	160	6
					CS0591	Xestión de calidade en industrias de vidro	130	5
					CS0584	Formación en centros de traballo	440	0
					CSHADC	Horas á disposición do centro	55	2

*Resolución do 27 de xullo de 2006, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se conceden as axudas ao alumnado de niveis non universitarios para a adquisición dun ordenador persoal durante o ano 2006.*

De conformidade co punto 1º do artigo 8 da Orde do 30 de marzo de 2006 (DOG do 21 de abril), pola que se establecen as bases que rexen as axudas ao alumnado de niveis non universitarios para a adquisición dun ordenador persoal durante o ano 2006, e unha vez cumpridos os trámites previstos no referido punto 1º do artigo 8 da orde de convocatoria, debe publicarse anuncio da exposición das listaxes definitivas dos beneficiarios das axudas.

Vista a proposta da comisión de avaliación prevista no artigo 7 da citada orde,

**RESOLVO:**

Primeiro.-Facer públicas as listas definitivas das axudas concedidas para a adquisición dun ordenador persoal, que estarán expostas na páxina web: <http://www.edu.xunta.es/axudasord>, no taboleiro de

anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Oficina de Atención ao Cidadán), e nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo.-Esta resolución será notificada individualmente e por carta a todos os solicitantes; esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que resolveu, no prazo dun mes, na forma e condicións que determina a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ser impugnadas directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2006.

P.D. (Orde 24-7-2006)  
Benito Fernández Rodríguez  
Secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria